

# DESAFÍO ECOLECTOR

## DESCUBRE A QUE TRIBO ECOLECTORA PERTENCES

## QUE HAI QUE FACER PARA PARTICIPAR?

Se queres facer do mundo un lugar máis sustentable, este é o teu desafío. Participar é moi sinxelo:

- Busca sementes (melocotón, néspere, aguacate...) ou legumes (garavanzos, feixóns, lentellas...).
- Completa os diferentes desafíos do taboleiro.

Canto maior sexa a túa implicación, máis desafíos conseguirás e máis sementes poderás colleitar.

## DEMÓSTRALLE AO MUNDO QUE ES UN EXCELENTE ECOLECTOR!

### NIVEL HEROÍNA OU HEROE DA CASA (1 SEMENTE/RETO)

- 1 Usa envases reutilizables e evita os produtos empaquetados.
- 2 Coida os teus libros. A cultura ten un valor incalculable.
- 3 Dúchate, co baño gastas demasiada auga.
- 4 Non desperdicies comida.

### NIVEL MEMBRO HONORÍFICO DO TEU BARRIO (2 SEMENTES/RETO)

- 1 Lembra! Leva á compra a túa bolsa e evita usar plásticos.
- 2 Doa todo aquilo que non utilices. As ONG daránlle unha nova vida.
- 3 Móvete polo barrio en bicicleta, andando ou en transporte público.
- 4 Apoia os negocios do teu barrio, incluídas as librerías. Lembra que o cambio medra nos libros.



### NIVEL ESTRELA DA CLASE (3 SEMENTES/RETO)

- 1 Trata por igual as túas compañeiras e máis os teus compañeiros.
- 2 Organiza e renova a biblioteca do centro ou da aula.
- 3 Axuda a poñer en marcha o horto escolar.

### SEMENTE DE PODER (10 SEMENTES)

- 1 Como pode o colexio contribuir a transformar o barrio?
- 2 Pódese reciclar na túa escola?
- 3 Que se pode facer para evitar as desigualdades?
- 4 Toda a clase analizará o seu comportamento cotián e valorará o grao de implicación na comunidade. Atrévédvos a poñer en marcha algunha campaña de responsabilidade social?

Se pos en marcha estas ou outras medidas para lograr os obxectivos mundiais, anímate, cóntanolo nas redes sociais utilizando **#SOMOSECOLECTORES**.